


VIDA E MORTE DUN COMUNISTA

Unha das maiores persecucións dos franquistas na Guerra Civil en Galicia contra unha persoa e a súa familia foi a de Benigno Álvarez, veterinario de Maceda e xefe do Partido Comunista en Ourense. Fuxido polos montes tras o alzamento contra a República en xullo do 36, posto prezo a súa cabeza por unha coñecida aristócrata ourensana, foi atopado morto (estaba enfermo do peito) polos feixistas, que se atribuíron o que non fixeran e pasearon o cadáver como botín de guerra polos pobos da provincia.

O seu irmán Demetrio foi fusilado, tras consello de guerra sumarísimo no mesmo ano 36, mentres que outros irmáns, Xosé e Pedro (que tiña 18 anos), fuxiron a Portugal e parece que foron devoltos e asasinados preto de Tui.

A dona de Benigno, Enriqueta, foi detida e torturada na cadea, onde tivo unha filla, Loliña, cuxo estremecedor testemuño



HISTORIA

«Benigno Álvarez, un comunista na Galiza dos anos 30»

Santiago Prol. Ed. A Nosa Terra.
211 páxinas, 13 euros.***

recolle o autor nos apéndices. Tamén Maruxa, outra irmán de Benigno, foi internada na cadea do mosteiro de San Rosendo (Celanova).

Todo este drama nárrao de xeito apaixonado, mais veraz e ben documentado, o historiador e mestre Santiago Prol, autor doutras investigacións salientables.

Prol, ademais, non se limita aos derradeiros anos da vida de Benigno senón que fai un percorrido pola súa carreira política, comezada no Partido Republicano Radical Socialista e finalizada no Partido Comunista, integrado na coalición do Frente Popular que concurriú as eleccións de febreiro do 1936.

Un libro, pois, de gran mérito ademais de básico para a recuperación dunha figura histórica dos tempos da República e da Guerra Civil en Galicia e que permanecía esquecida incomprendiblemente.

Carlos Fernández